

**CIRCULAR Nº 34**  
**CURSO ESCOLAR 2020/2021**

Estimados pais ou titores:

Comprácenos poñernos en contacto con vostedes para informarlles que no DOG do 20 de maio de 2021, aparece publicada a orde do 6 de maio de 2021 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2021/2022 (código de procedemento ED330B).

Un dos requisitos para poder solicitar ditas axudas é que:

O alumnado deberá devolver os libros de texto e/ou material adquirido coas axudas para libros de texto ou recibido do fondo solidario no curso 2020/21 para súa incorporación ao fondo solidario para o curso 2021/22.

Co fin de proceder á recollida e comprobación do estado deste material enviamos as seguintes instrucións:

Os pais/nais ou representantes legais dos alumnos farán a entrega do material na secretaría do centro nas seguintes datas e horas:


Hora de entrega	Martes 15, curso:
09:15 a 10:15	3ºA
10:15 a 11:15	3ºB
12:30 a 13:30	3ºC

Hora de entrega	Xoves 17, curso:
09:15 a 10:15	4ºA
10:15 a 11:15	4ºB
12:30 a 13:30	4ºC

No caso de non poder acudir persoalmente poden autorizar a outra persoa maior de idade para a entrega.

Aproveitamos a ocasión para saudarlles atentamente.

O DIRECTOR



Asdo.: José Manuel Sánchez Moure